

4. Tal e como se sinala no apartado 3 do artigo anterior no caso de tratarse de actividades que unicamente requiran para a súa presentación da correspondente comunicación previa presentarase xunto ao modelo de comunicación o xustificante de satisfacer a preceptiva taxa.

#### ARTIGO 11º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Unha vez que se proceda á súa aprobación polo Pleno da Corporación e entre en vigor tras a súa publicación, esta Ordenanza derrogará a Ordenanza Reguladora da Taxa por Licenza de Apertura de Establecementos aprobada polo Pleno da Corporación o 21 de xuño de 2012 e publicada no BOP nº 166 de 29/08/2012.

Contra o presente acordo, conforme o artigo 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte o de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Ponte Caldelas, a 22 de maio de 2014. — O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños.

2014004753

### E D I C T O

#### *Aprobación definitiva*

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada o 27 de marzo de 2014, aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza reguladora da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas urbanísticas do Concello de Ponte Caldelas, publicouse no Boletín Oficial da Provincia en data 11.04.14 e estivo sometido a información pública polo prazo de 30 días hábiles e, dado que, non se presentou ningunha reclamación procédese de seguido á publicación do texto íntegro:

#### **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS, DECLARACIÓNS RESPONSABLES E NO OUTORGAMENTO DE LICENZAS URBANÍSTICAS DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS.**

#### ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e de conformidade cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a «Taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas urbanísticas», á que se refire o artigo 20.4h), e que estará ao establecido na presente Ordenanza Fiscal cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

#### ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

En virtude do establecido no artigo 2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, artigo 20.4.h) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (na redacción segundo lei 12/2012 de 26 de decembro de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos) e artigo 6 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, o feito imposíble da Taxa constitúe a actividade municipal, tanto

técnica como administrativa desenvolvidas para verificar que os actos de ocupación, construción, edificación e uso do chan e do subsolo proxectados axústanse ao ordenamento urbanístico vixente (supostos de solicitude de licenza urbanística, regulados no artigo 10 da Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa para adaptación destes procedementos a Lei 9/2013 do 19 de decembro do emprendemento e da competitividade económica de Galicia) e posteriormente (supostos de comunicacións previas regulados no artigo 27 da mencionada ordenanza) que reúnen as condicións requiridas polas Ordenanzas municipais, lexislación urbanística e sectorial de aplicación.

#### ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO

Segundo o que establecen os artigos 35 e 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, son suxeitos pasivos desta Taxa, en concepto de contribuíntes e, por tanto, obrigados tributarios, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigacións tributarias, que sexan propietarios ou poseedores, ou no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras.

#### ARTIGO 4º. RESPONSABLES

Responderán da débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos, consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido, respectivamente, nos artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

#### ARTIGO 5º. BASE IMPOÑIBLE

1. No caso de obras ou actuacións sometidas ao réxime de licenza urbanística, de conformidade co artigo 10 da Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa para adaptación destes procedementos a Lei 9/2013 do 19 de decembro do emprendemento e da competitividade económica de Galicia como no caso de obras ou actuacións que requiran unicamente da presentación dunha comunicación previa, de acordo co artigo 27 da citada Ordenanza:

Constitúe a base imponible da Taxa:

- a) O custo real e efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de terra, obras de nova planta e modificacións de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.
- b) O valor que teñan sinalados os terreos e construcións a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeis, cando se trate de parcelacións urbanas e de demolición de construcións.
- c) A superficie dos carteis de Propaganda colocados en forma visible dende a vía pública.

Do custo sinalado nas letras a) e b) do número anterior exclúese o correspondente a maquinaria e instalacións industriais e mecánicas.

#### ARTIGO 6º. COTA TRIBUTARIA

A cota tanto no caso de obras ou actuacións sometidas ao réxime de licenza urbanística, de conformidade co artigo 10 da Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa para adaptación destes procedementos a Lei 9/2013 do 19 de decembro do emprendemento e da competitividade económica de Galicia como no caso de obras ou actuacións que requiran unicamente da presentación dunha comunicación previa, de acordo co artigo 27 da citada Ordenanza, a tarifa será a seguinte :

ONCEPTO

IMPORTE

Custo real da obra civil, valor dos terreos aos efectos do IBI e superficie dos carteis

0,5 %

*ARTIGO 7º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS*

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da Taxa.

*ARTIGO 8º. DEVENGO*

1. Devéngase a Taxa e nace a obrigação de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta, ou no momento en que o suxeito pasivo presente a correspondente comunicación previa no suposto en que para o inicio da obra ou actuación sexa suficiente a presentación desta última para proceder ao comezo das mesmas.
2. Cando a obra ou actuación tivese lugar sen obter a oportuna licenza, a Taxa se devengará cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación de expediente sancionador por infracción tributaria.
3. A obrigação de contribuír, unha vez nada, non se verá afectada, de ningún xeito, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

*ARTIGO 9º. DECLARACIÓN*

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza urbanística presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, acompañada da documentación sinalada no artigo 11 da Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa para adaptación destes procedementos a Lei 9/2013 do 19 de decembro do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
2. Se despois de formulada a solicitude de licenza urbanística variara ou ampliara a actuación a desenvolver, ou se alterasen as condicións proxectadas, estas modificacións haberán de poñerse en coñecemento da Administración Municipal de acordo co disposto no artigo 14 Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa para adaptación destes procedementos a Lei 9/2013 do 19 de decembro do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
3. No caso de tratarse de obras ou actuacións que unicamente requiran para a súa presentación da correspondente comunicación previa presentarase xunto ao modelo de comunicación o xustificante de satisfacer a preceptiva taxa.

*ARTIGO 10º. LIQUIDACIÓN E INGRESO*

1. Finalizada a actividade municipal e unha vez ditado o acordo municipal que proceda sobre a licenza urbanística, practicarase a liquidación correspondente pola Taxa, que será notificada ao suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais utilizando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.
2. No entanto, o Concello poderá liquidar e esixir o importe da Taxa no momento de presentar a solicitude, en calidade de depósito previo.
3. A Administración municipal poderá comprobar o custo real e efectivo unha vez rematadas as obras, e a superficie dos carteis declarada polo solicitante, e, á vista do resultado de tal comprobación, practicará a liquidación definitiva que proceda, con dedución, no seu caso da liquidación inicial.
4. No caso de parcelacións urbanas e demolición de construcións, a liquidación que se practique, una vez concedida a licenza, sobre a base imponible que le corresponda, terá carácter definitivo salvo que o valor sinalado no Imposto sobre Bens Inmóveis non teña este carácter.

5. Tal e como se sinala no apartado 3 do artigo anterior no caso de tratarse de obras ou actuacións que unicamente requiran para a súa presentación da correspondente comunicación previa presentárase xunto ao modelo de declaración ou comunicación o xustificante de satisfacer a preceptiva taxa.

#### ARTIGO 11º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL

A exacción desta Taxa será compatible co Imposto municipal sobre Construcións, instalacións e obras.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Unha vez que se proceda á súa aprobación polo Pleno da Corporación e entre en vigor tras a súa publicación, esta Ordenanza derrogará a anterior Ordenanza Reguladora da Taxa por Licenza urbanística aprobada polo Pleno o 29 de outubro de 1998.

Contra o presente acordo, conforme o artigo 19 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte o de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Ponte Caldelas, a 22 de maio de 2014. — O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños.

2014004751

### E D I C T O

#### *Aprobación definitiva*

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada o 27 de marzo de 2014, aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia e básico) do concello de Ponte Caldelas, publicouse no Boletín Oficial da Provincia en data 11.04.14 e estivo sometido a información pública polo prazo de 30 días hábiles e, dado que, non se presentou ningunha reclamación procedese de seguido á publicación do texto íntegro:

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA E BÁSICO) DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS**

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), o Concello de Ponte Caldelas establece a taxa por a prestación do servizo de axuda no fogar a que se refire o artigo 20.4.n) do TRLRFL, que se rexerá por a presente Ordenanza Fiscal.

#### ARTIGO PRIMEIRO.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitue o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia e básico) concedido a través dos servizos Sociais municipais nos termos e condicións do Regulamento do servizo.